

## Concello de Ponteareas

---

**Expediente:** 12059/2021

**Procedemento:** Procedemento de Contratación

**Asunto:** SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CONCELLO DE PONTEAREAS

**Responsable:** Unidade de contratación

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Motivación da emisión deste documento: de conformidade cos artigos 1, 28.1 e 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), este Concello pode celebrar aqueles contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A natureza e extensión das necesidades do contrato, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben determinarse antes de iniciar o procedemento encamiñado para a súa adxudicación, debendo publicarse no perfil de contratante. Ademais, de conformidade co artigo 28.2 da LCSP, favorecerase a axilización de trámites.

Por todo isto, emítase por Alcaldía na súa condición de órgano de contratación, a seguinte memoria xustificativa respecto da:

- Necesidade e obxecto do contrato
- División en lotes
- Competencia
- Duración, orzamento de licitación e valor estimado
- Procedemento de adxudicación
- Criterios de adxudicación
- Criterios de solvencia

Finalmente, de conformidade coa regra de axilización de trámites, dispónse neste documento o inicio do procedemento de contratación, a solicitude de certificado de existencia de crédito e de elaboración de pregos, así como a realización dos trámites que sexan necesarios para aprobar o expediente.



## Concello de Ponteareas

---

### NECESIDADE E OBXECTO DO CONTRATO

Nos departamentos dependentes da Concellería de Servizos Sociais (Residencia Santa Ana, Centro de Reparto de Alimentos e Escola Infantil), préstanse servizos de comida ou xestión de alimentos que levan consigo a necesidade de contratar a súa subministración.

Actualmente a subministración de produtos alimenticios vén realizándose dende hai anos puntualmente mediante encargos a varias empresas, polo que é preciso adaptar este contrato á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, e á par conseguir un aforro económico.

Por este motivo, o Concello de Ponteareas sente a necesidade de contratar a subministración de produtos de alimentación para os servizos municipais dependentes da Concellería de Servizos Sociais (Residencia Santa Ana, Escola Infantil e Centro de Reparto de Alimentos).

O **obxecto do contrato** é a subministración sucesiva de produtos de alimentación aos servizos municipais dependentes da Concellería de Servizos Sociais (Residencia Santa Ana, Escola Infantil e Centro de Reparto de Alimentos) do Concello de Ponteareas, cuxas especificacións técnicas se recollen no Prego de Prescricións Técnicas particulares (PPT).

CPV: 15890000-3 Produtos alimenticios diversos e alimentos secos

### DIVISIÓN EN LOTES

O presente contrato divídese nos seguintes lotes:

- LOTE 1: Carnes, aves, embutidos
- LOTE 2: Froitas e verduras
- LOTE 3: Peixe, mariscos e produtos conxelados
- LOTE 4: Produtos alimenticios diversos
- LOTE 5: Produtos de panadaría

### COMPETENCIA

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece nos artigos 25.2.d) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: equipamentos da súa titularidade. Polo tanto, nos departamentos específicos de servizos sociais como son a Escola Infantil, o Centro de Reparto de Alimentos e a Residencia Santa Ana a subministración de produtos alimenticios faise necesarios para poder manter a prestacións dos seus servizos públicos.

### DURACIÓN, ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO

A **duración** inicial do contrato é de tres (3) anos, con posibilidade de prorrogalo por dous (2) anos máis, ata un máximo total de cinco (5) anos (prórroga incluída). A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo prodúzase polo menos con dous meses de antelación á finalización



## Concello de Ponteareas

do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato establézase un maior.

Sendo o **orçamento base de licitación** o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 100 LCSP), no presente procedemento ascende á cantidade anual de 440.469,17 Euros, máis 26.973,19 Euros en concepto de IVE, o cal fai un total de 467.442,37 Euros IVE engadido.

LOTE 1: Carnes, aves, embutidos  
LOTE 2: Froitas e verduras  
LOTE 3: Peixe, mariscos e produtos conxelados  
LOTE 4: Produtos alimenticios diversos  
LOTE 5: Produtos de panadería

IMPORTES DE LICITACIÓN DO CONTRATO ( 3 ANUALIDADES)				
Nº LOTE	DESCRIÓN LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE	TOTAL
LOTE 1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	75.035,09 €	7.503,51 €	82.538,60 €
LOTE 2	FROITAS E VERDURAS	58.888,84 €	- €	58.888,84 €
LOTE 3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	59.087,16 €	5.848,24 €	64.935,40 €
LOTE 4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	232.387,59 €	13.093,15 €	245.480,73 €
LOTE 5	PRODUTOS DE PANADERÍA	15.070,50 €	528,30 €	15.598,80 €
		<b>440.469,17 €</b>	<b>26.973,19 €</b>	<b>467.442,37 €</b>

O importe do orzamento de licitación para cada unha das anualidades é estimado polo que se aboarán exclusivamente os consumos realmente efectuados, os cales dependerán das necesidades reais dos servizos municipais.

O importe máximo do orzamento non supón ningunha obriga para o Concello, e no caso de non esgotarse ditos importes, os adxudicatarios non terán dereito a indemnización nin abono de ningún tipo.

Considerando que no presente procedemento de contratación o empresario se obriga a entregar os produtos obxecto do mesmo de forma sucesiva e por prezos unitarios, o prezo unitario máximo que servirá como tipo-base de licitación será o indicado no PPT.

Do punto de vista económico, o **financiamento** deste contrato de subministración procede dos fondos propios do Concello de Ponteareas. Aplicación orzamentarias:

- 2024-23100-2269984-01
- 2024-23106-2210500-01
- 2024-32300-2210500-01

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, a determinación do prezo establézase no prego de prescricións técnicas nos que os custes se calculan en base as contías abonadas a



## Concello de Ponteareas

provedores o longo dos últimos anos polas subministracións de materiais de iguais ou similares características, os cales se consideran axustados aos prezos de mercado actuais.

Por tratarse de subministracións sucesivas e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades dos diferentes departamentos da área de servizos sociais, o orzamento indicado determínase con carácter non limitativo de consumo prevista. Polo tanto o servizo se reserva a facultade de solicitar segundo as necesidades reais, inferiores ou superiores, sen que en ningún caso se poida superar o importe de adxudicación.

Segundo dispón o artigo 101 da LCSP, para a determinación do **valor estimado do contrato** considerarase o seu importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, e incluíndo calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.

No caso de que as necesidades previstas de consumo de produtos de limpeza superen ó gasto previsto poderase **modificar o contrato** coa ampliación de ata un 20% do mesmo (IVE excluído) e non suporá o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

Aplicando o anteriormente exposto, e considerando en particular a posibilidade de **prórroga** do contrato por dous (2) anos, o valor estimado fíxase segundo segue:

IMPORTES DAS PRÓRROGAS DO CONTRATO (2 ANUALIDADES)				
Nº LOTE	DESCRICIÓN LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE	TOTAL
LOTE 1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	50.023,39 €	5.002,34 €	55.025,73 €
LOTE 2	FROITAS E VERDURAS	39.259,23 €	- €	39.259,23 €
LOTE 3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	39.391,44 €	3.898,82 €	43.290,26 €
LOTE 4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	154.925,06 €	8.728,77 €	163.653,82 €
LOTE 5	PRODUTOS DE PANADERÍA	10.047,00 €	352,20 €	10.399,20 €
		<b>293.646,11 €</b>	<b>17.982,13 €</b>	<b>311.628,24 €</b>

IMPORTES DAS MODIFICACIÓNS PREVISTAS (20%)		
Nº LOTE	DESCRICIÓN LOTE	IMPORTE SEN IVE
LOTE 1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	15.007,02 €
LOTE 2	FROITAS E VERDURAS	11.777,77 €
LOTE 3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	11.817,43 €
LOTE 4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	46.477,52 €
LOTE 5	PRODUTOS DE PANADERÍA	25.117,50 €
		<b>734.115,29 €</b>

  

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO		
Nº LOTE	DESCRICIÓN LOTE	IMPORTE SEN IVE
LOTE 1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	125.058,48 €
LOTE 2	FROITAS E VERDURAS	98.148,07 €
LOTE 3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	98.478,60 €
LOTE 4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	387.312,64 €
LOTE 5	PRODUTOS DE PANADERÍA	25.117,50 €
		<b>734.115,29 €</b>



## Concello de Ponteareas

---

### PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

O procedemento de adxudicación do contrato será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada no que a adxudicación da subministración recaerá na mellor oferta en relación calidade-prezo.

### CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta relación calidade-prezo, as propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 100 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliados mediante fórmulas:

- **MELLOR BAIXA PORCENTUAL DO PREZO. Máximo 70 puntos.**

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.5 LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

Atendendo aos pregos técnicos do presente contrato no que se definen as características dos produtos a subministrar, se establece unicamente unha fase de avaliación de criterios mediante fórmula que teñen como obxectivo identificar, entre as ofertas presentadas, aquela que atenda á mellor oferta económica. Establécese como criterio avaliábel:

- Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do Anexo do PPT.

$P = (\text{oferta a considerar} / \text{oferta con maior desconto}) \times 70$

O licitador ofertará un único porcentaxe de baixa (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos dos produtos a subministrar.

- **REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA. Máximo 30 puntos.**

Valorarase a diminución do prazo de entrega dos produtos sobre o prazo máximo de entrega de 5 días hábiles indicadas no PPT, até un máximo de 30 puntos. O baremo de puntuación será o seguinte:



## Concello de Ponteareas

Prazo de entrega desde a súa solicitude	Puntos outorgados
Entrega de calquera produto solicitado en 1 día hábil	30 puntos
Entrega de calquera produto solicitado en 2 días hábiles	25 puntos
Entrega de calquera produto solicitado entre 2 e 4 días hábiles	10 puntos
Entrega de calquera produto solicitado en 5 días hábiles	5 puntos

### CRITERIOS DE SOLVENCIA

A solvencia esixida é proporcional ao orzamento de licitación do contrato.

**Solvencia económica** acreditarase por algún dos seguintes medios:

Solvencia económica. Considerarase que o licitador ten solvencia económica suficiente cando este conte cun volume anual de negocios, dentro dos últimos 3 anos, de contía igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato. Acreditarase mediante a presentación das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. En calquera caso tal e como se recolle no artigo 87 da LCSP, de acharse inscrita a empresa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e a tenor do reflectido nel, este feito acreditará a condición de solvencia económica e financeira do empresario.

CONTÍAS DE SOLVENCIA ECONÓMICA ESIXIDAS:

N.º LOTE	DESCRICIÓN	SOLVENCIA ECONÓMICA
		1,50% valor medio anual
1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	37.517,54€
2	FROITAS E VERDURAS	29.444,42€
3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	29.543,58€
4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	116.193,79€
5	PRODUTOS DE PANADERÍA	7.535,25€

**Solvencia técnica ou profesional** acreditarase do seguinte xeito:

Solvencia técnica ou profesional. Considerarase que o licitador ten solvencia técnica suficiente cando este conte cunha relación de servizos ou traballos relacionados co obxecto do contrato, dentro dos últimos 3 anos, por unha contía igual ou superior ao



## Concello de Ponteareas

70% da anualidade media do contrato. Acreditarase mediante a presentación dunha relación das principais obras executadas avalada por certificados de boa execución expedidos polo órgano competente ou no caso de que o destinatario fose un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou mediante unha declaración do empresario.

### CONTÍAS DE SOLVENCIA TÉCNICA ESIXIDAS:

SOLVENCIA TÉCNICA		
N.º LOTE	DESCRICIÓN	70% anualidade media do contrato
1	CARNES, AVES, EMBUTIDOS	17.508,19€
2	FROITAS E VERDURAS	13.740,73€
3	PEIXES, MARISCOS E PRODUTOS CONXELADOS	13.787,00€
4	PRODUTOS ALIMENTICIOS DIVERSOS, LÁCTEOS E DERIVADOS, AUGA, BEBIDAS	54.223,77€
5	PRODUTOS DE PANADERÍA	3.516,45€

Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades debe acreditar que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades. O compromiso presentarase polo licitador que presentase a mellor oferta.

### INICIO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

Considerando canto antecede, DISPONSE por alcaldía na súa condición de órgano de contratación:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de contratación de SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CONCELLO DE PONTEAREAS.

**SEGUNDO.** Solicitar certificado de existencia de crédito á Intervención Municipal.

**TERCEIRO.** Que por secretaría se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

**CUARTO.** Que se continúe coa tramitación necesaria para aprobar o expediente de contratación.

A alcaldesa, Nava Castro Domínguez



## Concello de Ponteareas

---

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe

